

Formación profesional

Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
36007552	CIFP A GRANXA	2019-2020

Ciclo formativo

Código	Nome
CMAGA03	Xardinaría e floraría

Módulo profesional

Código	Nome
MP0408	Infraestruturas e instalacións agrícolas

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Ordinario	Presencial	1º

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
Uxío Mete Pérez

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

1.1 Identificación da unidade didáctica

Nº	Unidade didáctica			
4	Sistemas de protección e forzado de cultivos			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> RA3 - Instala sistemas de protección e forzamento, en relación cos factores ambientais e de cultivo. 	<ul style="list-style-type: none"> CA3.1 Clasifícanse as instalacións de protección e forzamento dos cultivos. CA3.2 Descríbense as características dos sistemas de protección e forzamento. CA3.3 Descríbense as propiedades de cada tipo de cubertas. CA3.4 Seleccionáronse os materiais e as ferramentas para a montaxe dun sistema de protección ou forzamento. CA3.5 Instaláronse os elementos dun sistema de protección seguindo as especificacións técnicas de montaxe. CA3.6 Descríbense os elementos que permiten o control ambiental nun invernadoiro. 	<ul style="list-style-type: none"> Si Si Si Si Non Si 	<ul style="list-style-type: none"> Si Si Si Si Non Si 	<ul style="list-style-type: none"> PE/Cuestionario PE/Cuestionario PE/Cuestionario PE/Cuestionario PE/Cuestionario PE/Cuestionario
<ul style="list-style-type: none"> RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, para o que se identifican os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr. 	<ul style="list-style-type: none"> CA5.5 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos. CA5.7 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Si Si 	<ul style="list-style-type: none"> Non Non 	



Nº	Unidade didáctica			
5	Mantemento de instalacións			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> RA4 - Mantén instalacións agrícolas, para o que interpreta os protocolos establecidos para a súa conservación e hixiene. 	<ul style="list-style-type: none"> CA4.1 Descríbóronse as avarías máis frecuentes e relacionáronse coas instalacións. CA4.2 Identificáronse os elementos avariados ou deteriorados nunha instalación. CA4.3 Reuníronse os elementos necesarios para o mantemento dunha instalación. CA4.4 Substituíronse os elementos avariados ou deteriorados dunha instalación. CA4.5 Realizáronse as reparacións básicas. CA4.6 Seleccionáronse os equipamentos e os produtos de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización, e aplicáronse nas doses recomendadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Si Si Si Si Si Si 	<ul style="list-style-type: none"> Si Si Si Non Non Si 	<ul style="list-style-type: none"> PE/Cuestionario PE/Cuestionario PE/Cuestionario PE/Cuestionario
<ul style="list-style-type: none"> RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, para o que se identifican os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr. 	<ul style="list-style-type: none"> CA5.5 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos. CA5.6 Clasificáronse os refugallos xerados para a súa retirada selectiva. P CA5.7 Cumpríuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Si Si Si 	<ul style="list-style-type: none"> Non Non Non 	

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para a 3ª avaliación son os indicados na táboa anterior, e os mínimos exixibles para as recuperacións da 1ª e 2ª avaliación son os das tablas seguintes.

Para o alumnado que aprobou a 1ª e 2ª avaliación, segundo os criterios trasladados pola xefatura de estudos da inspección educativa, estes contidos mínimos exixibles do 3º trimestre sómente poderán avaliarse positivamente e nunca de xeito que prexudiquen a avaliación do alumnado previa a situación COVIT. Polo tanto para os alumnos que teñan as unidades didácticas impartidas na 1ª e 2ª avaliación superadas, a nota da 3ª avaliación será a media poderada da 1ª (55%) e 2ª (45%) avaliación, incrementando positivamente a nota ata un máximo dun 15% no caso de realizar satisfactoriamente todas as tarefas da 3ª avaliación.

Para os alumnos que teñan unha ou máis unidades didácticas supensas do 1ª e 2ª avaliación, para acadar avaliación positiva terán que superar as actividades de avaliación, ver apartado 6a.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Critérios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº	Unidade didáctica			
1	Normas básicas de prevención de riscos laborais e ambientais			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		<ul style="list-style-type: none"> RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, para o que se identifican os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr. 	<ul style="list-style-type: none"> CA5.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios e máquinas da instalación agrícola. CA5.2 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de electromecánica. CA5.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de traballo empregados. CA5.4 Identificáronse os principais factores físicos e químicos do ámbito do traballo, que poidan supor un risco para o persoal e para a protección ambiental. 	PE/Cuestionario + proba telemática PE/Cuestionario + proba telemática PE/Cuestionario + proba telemática PE/Cuestionario + proba telemática

Nº	Unidade didáctica			
2	Instalación e mantemento de infraestruturas e construcións no xardín			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		<ul style="list-style-type: none"> RA1 - Instala e mantén infraestruturas agrícolas, para o que describe as súas características e as técnicas de montaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.1 Identificáronse as infraestruturas necesarias para unha explotación. CA1.2 Descríbense as características e as técnicas de montaxe principais das infraestruturas. CA1.4 Descríbense os sistemas de drenaxe. CA1.6 Manexouse a maquinaria e a ferramenta básica para a instalación e o mantemento dunha infraestruturas 	PE/Cuestionario + proba telemática PE/Cuestionario + proba telemática PE/Cuestionario + proba telemática PE/Cuestionario + proba telemática
X		<ul style="list-style-type: none"> RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, para o que se identifican os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr. 	<ul style="list-style-type: none"> CA5.5 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos. CA5.7 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas. 	PE/Cuestionario + proba telemática PE/Cuestionario + proba telemática



Nº		Unidade didáctica		
3		Instalación de rega		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	<ul style="list-style-type: none"> RA2 - Monta instalacións de rega, para o que identifica os elementos da instalación e as técnicas de montaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> CA2.1 Descríbense os compoñentes da instalación de rega e o seu funcionamento. CA2.2 Seleccionáronse os materiais necesarios para a montaxe dunha instalación de rega. CA2.3 Interpretáronse as especificacións técnicas dun proxecto de rega. CA2.4 Realizouse a traza dunha instalación de rega. 	PE/Cuestionario + proba telemática PE/Cuestionario + proba telemática PE/Cuestionario + proba telemática PE/Suposto práctico
	X	<ul style="list-style-type: none"> RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, para o que se identifican os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr. 	<ul style="list-style-type: none"> CA5.5 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos. CA5.7 Cumpríuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas. 	PE/Cuestionario + proba telemática PE/Cuestionario + proba telemática

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que teñan unha ou máis UD suspensas terán que realizar actividades de recuperación. As actividades de recuperación serán individualizadas para cada alumno segundo os RA e CA suspensos (segundo informe individualizado); basearanse na realización de: cuestionarios, supostos prácticos e probas telemáticas propostas nos cadros anteriores, que serán entregadas por correo electrónico ou na aula virtual do centro nas datas determinadas para cada entrega. Estas actividades son obrigatorias e terán un peso do 70% da avaliación final. O outro 30% será proba telemática que versará sobre un número significativo dos CA a recuperar, hai que sacar un mínimo de 5 puntos en ambas probas. Para ter avaliación positiva hai que superar todas as UD.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Non procede. Non hai alumnado con perda de avaliación continúa.

8. Medidas de atención á diversidade

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Neste punto traballarase en coordinación coa titoría e o departamento de orientación, informando dos problemas de aprendizaxe e das medidas adoptadas. En xeral as medidas de reforzo educativo serán: repetición de probas e realización de actividades alternativas e/ou individualizadas despois de aclarar dúbidas e preguntas (on line).